

## ESCRIBIMOS MINICONTOS

A maxia da escrita está en todas partes, xogamos coas palabras e obtemos auténticas maravillas que son nosas e únicas no mundo, e por iso queremos amosarllas a todos e todas na nosa radio así que para que quede realmente ben, deberemos buscar unha música e efectos especiais axeitados.


Escollemos, de dentro dun sobre, tres palabras ao chou...e aparecen unha chea de historias tolas, divertidas, orixinais e alucinantes!

Deberedes facer un **guión** co miniconto que vos toca ler a cada un/ha.



Despois debedes buscar unha música axeitada e os efectos sonoros que poidan encaixar coas distintas partes do conto. Poderedes buscar esta música e os efectos na librería de youtube

<https://www.youtube.com/audiolibrary/music> ou no banco do Ministerio de Cultura

<http://recursostic.educacion.es/bancoimagenes/web/> ou ben en <http://soundbible.com>



Deberedes chegar a un acordo para poñerlle un nome a este programa de minicontos, e un lema. A continuación faredes o programa partindo da seguinte escaleta:

 <b>Sintonía da radio ou do programa</b>
<b>Presentación do programa e o miniconto que se vai ler:</b> un presentador/a danos a benvida e introduce aos participantes do programa e o miniconto (título, autor/a)
<b>Lectura do miniconto:</b> comeza a lectura do conto sen música de fondo nin efectos
<b>Despedida:</b> o mesmo presentador/a despide o programa lembrando en que lugar de Internet pode ser escoitado
<b>Sintonía da radio ou do programa</b> 

*Unha vez gravado o conto pasaremos a introducirle a música e os efectos sonoros.*